

Martes 22 de diciembre del 2009

CULTURA

[Volver](#)

ENTREVISTA | XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

«O importante é resistir, non abandonar, manterse no lugar»

O autor de «Para dicir abril» recibe en Melide a homenaxe dos escritores galegos tras dezaioito libros publicados

Camilo Franco | 7/6/2008

Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) lembra perfectamente a primeira vez que mirou un libro seu, Gándaras, no escaparate dunha librería de Lugo no ano 1971. Desde aquela cambiaron moitas cousas, non todas para ben, pero hoxe recibe en Melide a letra E que certifica a homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle rende. Tamén plantará un buxo, árbore escollida polo autor que algo garda de simbólico.



-¿Como se enfronta a unha homenaxe seria e mesmo cerimoniosa?

-Moi agradecido, coas autoestimas todas subidas e cunha carga de responsabilidade porque mirando a lista dos que foron antes ca min síntome responsable de estar á súa altura no compromiso co idioma e co país. Dis que é unha homenaxe seria e iso aínda me responsabiliza máis porque o é, porque é na miña terra e porque son os meus compañeiros.

-¿Cando conceden unha homenaxe o escritor está obrigado a reflexionar sobre a súa obra, sobre o traballo feito?

-Pensas en moitas cousas, non sei se tanto obra por obra como nalgunhas circunstancias. No meu caso algo lembrei daqueles anos dos Novísimos, esa xeración maldita que fomos, e da moita caña que nos deron porque quizais a antoloxía chegou a destempo e a xente esperaba outra cousa. Aqueles dez que eramos recibimos de todos, eramos de parvos para arriba. Pero visto desde o agora case todos os que estabamos no grupo resistimos o que quere dicir que a mensaxe pode ser a mesma: o importante é resistir, non abandonar, manterse no lugar. Resistir aos insultos, aos ninguneos, as descualificación e as ignorancias.

-¿Desde o seu primeiro libro, cantas cousas cambiaron na literatura galega?

-Cambiaron moitas. Agora hai moitas máis oportunidades, hai un edición fluída e daquela todo era moi curto e canto algo fallaba, fallaba todo. Hai moitas máis cousas que ler, moitos máis escritores e moitos máis premios, que abren moitas oportunidades.

-¿Vostede defende os premios literarios?

-Non os defendo como cerimonia, pero ofrecen moitas posibilidades á xente libertaria aos resistentes, aos que non teñen grupo. É unha porta aberta e, despois de gañar algúns premios, presenteime ao Risco porque un editor galego rexeitoume un libro que me solicitara antes. Os premios permiten que haxa unha porta máis aberta.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidad local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad nacional:

Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección General, a los folios 91 y siguientes, hoja C-2141. CIF: A-15000649.